

# QUÉ BONITO É PANAMÁ!

Texto e ilustracións de JANOSCH

Traducción de DOLORES ROMAY

Corrección de CARLOS YUS

Encadernado en cartón. 15 x 21,5 cm. 52 páx. 15 €.

**Que bonito é Panamá!** (galego)

ISBN 978-84-8464-721-8. Tras os montes.

**¡Qué bonito es Panamá!** (castelán)

ISBN 978-84-92608-09-6. Libros para soñar.

**Oh! Que bonic és Panamá!** (catalán)

ISBN 978-84-8464-813-0. Kalandraka.

**Zein polita den Panama!** (éuscaro)

ISBN 978-84-7681-646-2. Kalandraka-Pamiela.

**Oh, que lindo que é o Panamá!** (portugués)

ISBN 978-989-8205-48-3. Livros para sonhar.

**Oh, com'è bella Panama!** (italiano)


ISBN 978-88-95933-49-8. Libri per sognare.

*Había unha vez un oso pequeno e un tigre pequeno que vivían alá abaixo, á beira do río. Alí onde se ve subir o fume, a carón daquela árbore grande. E ademais tiñan unha barquiña...*

A vida de pequeno oso e pequeno tigre experimenta unha viraxe cando, aboiando no río, aparece unha caixa que vén de Panamá e que arrecende a plátano. Dende entón, Panamá convértese no país dos seus soños e por iso deciden iniciar unha longa viaxe para chegar alí. Cunha tarreira vermella, unha cana de pescar e un pato-tigre de xoguete, emprenden un camiño no que coñecerán un rato de campo, un vello raposo, unha vaca, un corvo, unha lebre e un ourizo.

Tras un primeiro período no que a obra de Janosch ten un trasfondo político asociado ao contexto histórico da época, "Que bonito é Panamá!" marca o comezo dunha segunda etapa na que, historias como esta, protagonizadas por animais humanizados, enxalzan o valor da amizade. Panamá é o particular *locus amoenus* de tigre e oso, e a súa viaxe idílica na procura dese lugar está relacionada coa madurez, coa aventura cotiá e co descubrimento de novas emocións.

Cunhas ilustracións alegres e coloristas, clásicas e planas, de estilo infantil, este entrañable relato de Janosch desprende humor e deixa un pouso sentimental de optimismo e inocencia, cun inesperado final que colma as expectativas dos personaxes.



- **Temática:** relato entrañable sobre o valor da amizade.
- **Idade recomendada:** a partir de 7 anos.
- **Aspectos destacables:** clásico contemporáneo da Literatura Infantil; do autor e ilustrador de "Correo para tigre" (Kalandraka); animais humanizados; natureza, viaxes; concepto de *locus amoenus* (lugar ideal).

## Janosch

(Hindengurb, Alemaña, 1931 -actual Zabrze, Polonia-)

Janosch é o pseudónimo de Horst Ecker. Adoptou ese nome artístico animado polo seu primeiro editor. Marcado por unha infancia difícil, sendo moi novo empezou a traballar como ferreiro e cerralleiro. Trala II Guerra Mundial, a súa familia mudouse a Alemaña Occidental e el empregouse nunha fábrica téxtil. En 1953 trasladouse a Munich e durante unha tempada estudou na Academia de Belas Artes. Logo estableceuse como artista independente e en 1960 publicouse o libro infantil co que iniciou a súa traxectoria artística e literaria, que suma máis de 300 obras traducidas a 70 linguas, e polas que recibiu numerosos premios. A súa sona internacional débese a "Que bonito é Panamá!", editado en 1979. Dende 1980 reside en Tenerife, onde escribe e ilustra libros infantís, de narrativa, pezas teatrais e filmes de animación. Tamén é autor dalgunha novela para adultos con elementos autobiográficos. Mesmo chegou a ilustrar textos de escritores destacados, como Charles Bukowski. <http://www.janosch.de>



www. **kalandraka**.com

comunicacion@kalandraka.com